

ADDENDA
PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA:
Portugués Segunda
Lingua Estranxeira

Modificación da programación existente para adecuarse a nova normativa sobre avaliación¹:

- **Sección I: Avaliación do alumnado de ESO**

Cálculo da nota da Avaliación Final.

- Estableceranse dúas liñas de actuación dependendo de si o alumnado superou ou non a materia na terceira avaliación ordinaria, seguindo as seguintes directrices no cálculo da nota da avaliación final:

1. Subirase un máximo de medio punto na avaliación final respecto a acadada na terceira avaliación ordinaria do alumnado aprobado na ESO. Xustificamos a nosa decisión tendo en conta que:

- Contaremos como media dunhas catro sesións lectivas, xa que temos dúas sesións semanais de 50 minutos na materia,
- A atención do profesorado na aula deberá por forza dividirse entre a atención ao alumnado suspenso e ao alumnado aprobado, polo que sen ningún apoio adicional, complícase a tarefa e redúcese aínda mais o tempo na realidade.

Non obstante, convén lembrar que a nota sobre a que se fará a suba será a obtida conservando os decimais, polo que podería semellar de facto (aínda que non o sexa) unha suba dun punto tendo en conta o redondeo. Deste xeito, por exemplo, un alumno cun 7,3 na terceira avaliación ordinaria, que leva un 7 no boletín, podería pasar a ter unha mellora que chegue a un 7,6 ou 7,7 ou 7,8, onde gracias ao redondeo, pasaría a un 8 (sempre que o seu comportamento e actitude non supoñan un detrimento).

2. Manterase a nota relativa á *Produtos e Observación* acadada polo alumnado ESO suspenso ou non na terceira avaliación, e que sexa esta a mesma nota que compute na avaliación final. Este acordo derívase da inxustiza que suporía na escaseza de tempo sinalada xerar un aumento significativo da nota. Lembramos tamén que a materia de Portugués é considerada de *Avaliación Continua* e que a última nota debe reflectir neste caso a actitude amosada no curso en conxunto, non nas últimas catro sesións.

¹Lei Orgánica 3/2000, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio

3. O alumnado da ESO suspenso na terceira avaliación ordinaria poderá presentarse soamente ás destrezas que teña suspensas para recuperalas cara a avaliación final e optar así a superar a materia. Non será obrigatorio presentarse máis que as partes suspensas mantendo as aprobadas para xestionar ben o tempo na nosa materia e favorecer que poida empregarse polo alumnado na recuperación posible doutras materias.

4. O alumnado da ESO suspenso na terceira avaliación ordinaria engadirá na avaliación final a nota máis alta obtida en cada unha das destrezas suspensas, podendo ser a obtida na terceira avaliación ordinaria ou a acadada ou acadadas no período comprendido entre ambas avaliacións.

5. Os exames o probas orais que deban ser realizados poderán ser esixibles en formato de vídeo MP4 e así adaptarnos ao factor tempo e a mellor xestión do alumnado diverso que pode necesitar realizar distintas probas ao mesmo tempo, polo que atender probas orais na clase suporía unha canalización completa de atención por parte do profesorado que tornaría a situación inviable.

6. A nota da avaliación final do alumnado ESO suspenso na terceira avaliación será calculada empregando as mesmas porcentaxes que se aplicaron no curso. Manteremos, tal e como foi comentado anteriormente, as notas xa aprobadas e aportaremos as mellores acadadas dentro das suspensas.

7. A nota da avaliación final do alumnado ESO aprobado poderá subir ata medio punto (nun rango entre 0 a 0,5) sempre e cando amose bo comportamento e demostre con claridade a mellora nalgunha destreza con algunha proba, tarefa ou proxecto que se lle indique. O mesmo alumnado aprobado que non demostre mellora e/ou non teña un comportamento axeitado permanecerá coa mesma nota que obtivo na terceira avaliación ordinaria. Lémbrese que a asistencia é obrigatoria como o foi durante o resto do curso académico.

8. A programación de actividades lúdicas para o alumnado aprobado poderá previsiblemente verse limitada ou restrinxida completamente e será sempre dependente do número e as características do alumnado suspenso que demande

atención e que entendemos debe ser considerado unha prioridade. Por tanto, as devanditas actividades non quedan garantidas.

9. As actividades, probas, traballos ou proxectos que impliquen subir nota deberán realizarse sempre na clase para evitar desigualdades e que prevalezan as vantaxes dos alumnos que poden ter axuda na casa ou nas academias, polo que se limitarán a estudar na casa casa. Polo tanto, comprometémonos a axeitar a duración e as características dos materiais empregados a esta necesidade.

- **Sección II: Avaliación do alumnado de 1º BACH**

Cálculo da nota da Avaliación Final.

- Estableceranse dúas liñas de actuación dependendo de si o alumnado superou ou non a materia na terceira avaliación ordinaria, seguindo as seguintes directrices no cálculo da nota da avaliación final:

1.O alumnado de Primeiro de Bacharelato suspenso na terceira avaliación ordinaria, ademais de ter tamén asistencia obrigatoria deberán ter a opción de aprobar a materia no espazo de tempo ata a avaliación extraordinaria do 23 de xuño. Polo tanto, deberanse facilitarlles probas para tal efecto. O período que abrangue desde a terceira avaliación ata a avaliación final adícase á preparación e realización das probas de superación das destrezas non superadas polo alumnado.

2. Mantéñense ás notas máis altas das destrezas suspensas que non logre superar na avaliación final.

3. As actividades, probas, traballos ou proxectos que impliquen superar a materia deberán realizarse polo alumnado sempre na clase para evitar desigualdades e que prevalezan as vantaxes dos alumnos que poden ter axuda na casa ou nas academias.

4.As probas orais poden realizarse presencialmente, por videoconferencia ou gravación de vídeo ou audio dependendo do número de alumnos que as fagan en cada grupo.

5.A programación de actividades lúdicas para o alumnado aprobado poderá previsiblemente verse limitada ou restrinxida completamente e será sempre dependente do número e as características do alumnado suspenso que demande atención e que entendemos debe ser considerado unha prioridade. Por tanto, as devanditas actividades non quedan garantidas.

RESUMO INFORMATIVO

Materia	Portugués 2ª Lingua Estranxeira		
Docente	Luana Ferreira		
Curso/Grupo	1º ESO	Ano académico	2021/22
Contidos			
1º Trimestre	<p>Unidade 1. Vocabulario: O alfabeto portugués; Ortografía e fonética: os sons a grafía g, j e x. Gramática: expresión de relacións lóxicas: adición (e, nem); disxunción (ou); oposición/contraste (mas); causa (porque); comparación (mais/menos/tão+Adj./Adv.+ (do) que/ como/quanto; maior / mais pequeno...); relacións temporais (antes, agora, depois). Produción e comprensión oral e escrita: saúdos (Bon día! Viva!), despedidas (Até já, tchau, adeus), nomes de países europeos e lusófonos. Cultura e sociedade: Portugal e a Lusofonía.</p> <p>Unidade 2. Vocabulario: Familia e festividades; os regalos; as prendas de vestir e as cores; algunhas formas e materiais.</p> <p>Gramática: expresión do aspecto: durativo (estar a + Inf.); expresión da modalidade: factualidade (frases decla-rativas); permiso (poder +Inf.; ser possível/permitido+ Inf.); intención (pensar +Inf.; querer + Inf.). Cultura e sociedade: celebracións portuguesas (as festas de fin de ano e as tradicións do Nadal); similitudes entre as festas portuguesas e as nosas. Produción e comprensión oral e escrita: presentación da familia; facer preguntas sobre alguén ou algo; falar dos proxectos e descrición dun obxecto. Ortografía e fonética: as grafías b, v e f.</p>		
2º Trimestre	<p>Unidade 3. Vocabulario: a familia; os regalos; as prendas de vestir e as cores; algunhas formas e materiais. Gramática: Expresión do aspecto: durativo (estar a + Inf.) Expresión da modalidade: factualidade (frases decla-rativas); permiso (poder +Inf.; ser possível/permitido+ Inf.); intención (pensar +Inf.; querer + Inf.).</p> <p>Ortografía e fonética: Sons das grafías b, v e f. Produción e comprensión oral e escrita: Presentación da familia; facer preguntas sobre alguén ou algo, falar dos proxectos e descrición dun obxecto. Cultura e sociedade: celebracións portuguesas (as festas de fin de ano e as tradicións do Nadal) ; similitudes entre as festas portuguesas e as nosas.</p> <p>Unidade 4. Vocabulario: Corpo humano e deportes de moda. Gramática: expresión da existencia (p. ex., ser, estar, haver/ter); a entidade (substantivos contables/incontables); pronomes (tónicos); determinantes; expresión da cantidade (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); as preposicións e os verbos de movemento. Ortografía e fonética: sons das grafías s, ss, ç e c . Produción e comprensión oral e escrita: as actividades extraescolares en Portugal. Cultura e sociedade: as actividades extraescolares en Portugal; actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas cunha lingua e cultura diferentes á propia.</p>		
3º Trimestre	<p>Unidade 5. Vocabulario: Descrición de países; situación no espazo; preguntar e indicar un camiño e unha dirección; falar dos medios de transporte.</p> <p>Gramática: expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia); expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo): momento puntual (p. ex. Em 1999), divisións (p. ex., días, meses) e indicacións (p. ex., atrás, cedo, tarde); anterioridade (ontem); posterioridade (depois, logo). Ortografía e fonética: Vogais abertas e fechadas. Produción e comprensión oral e escrita: Descrición de países; situación no espazo; preguntar e indicar un camiño e unha dirección; falar dos medios de transporte. Cultura e sociedade: 25 de Abril.</p> <p>Unidade 6. Vocabulario: As distintas nacionalidades e profesións; a hora; os puntos cardinais; as estacións e o clima, as nacionalidades e as profesións. Gramática: Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas de modo, p. ex., devagar, pior). Ortografía e fonética: A nasalidade. Produción e comprensión oral e escrita: Preguntar e dar a hora; dicir o horario; falar das estacións e do clima; falar dun país, das nacionalidades e das profesións. Cultura e sociedade: Achegamento a algúns aspectos culturais (a vida de artista e os países do mundo)</p>		
Obxectivo			

Os marcados polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
Metodoloxía
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos: os apuntamentos e as lecturas facilitadas polo profesorado en cada avaliación e/ou a plataforma de E-Dixgal e/ou Aula Virtual como canle de comunicación co alumnado e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios.
Proceso de Avaliación Ordinario (1ª, 2ª e 3ª Avaliacións) (Ferramentas, procedementos, etc.)
Con un 80% da nota : A media dos resultados das probas obxectivas aplicados ás diferentes destrezas: <i>escribir, falar, ler e escoitar</i> . Con un 20% da nota avaliaranse os Produtos (10%) e o observado polo profesorado no día a día (10%)
Proceso de Avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)
O alumnado da suspenso na terceira avaliación ordinaria poderá presentarse soamente ás destrezas que teña suspensas para recuperalas cara a avaliación final e optar así a superar a materia. Conservarase as notas obtidas nas outras partes (productos e observación do traballo diario). A nota da avaliación final do alumnado ESO aprobado poderá subir ata medio punto (nun rango entre 0 a 0,5) sempre e cando amose bo comportamento e demostre con claridade a mellora nalgunha destreza con algunha proba, tarefa ou proxecto que se lle indique.
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación
No caso de obter en 2 probas menos do 20% do valor total de calquera das catro probas, a avaliación non poderá ser aprobada Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Portugués 2ª Lingua Estranxeira		
Docente	Luana Ferreira		
Curso/Grupo	2º ESO	Ano académico	2021/22
Contidos			
1º Trimestre	<p>Unidade 0. Revisión do estudado no ano anterior</p> <p>Unidade 1. Vocabulario:Partes do corpo humano; cualidades persoais; describir animais e obxectos. Gramática:adxectivos – flexión de grao; diferenza entre “ser” e “estar”; o artigo; usos; conxuncións coordinativas copulativas. Produción e comprensión oral e escrita: Retratos físicos e psicolóxicos de si e dos outros Cultura e sociedade: Personalidades famosas de Portugal e da Lusofonía.</p>		
2º Trimestre	<p>Unidade 2. Vocabulario: características do vestuario; estacións do ano e tempo meteorolóxico; vocabulario para expresar opinión Gramática:Presente Indicativo de “despir” e “vestir”; presente dos verbos con alternancia vocálica; proceso de formación de palabras; prefixos e sufixos; composición; conxuncións adversativas. Produción e comprensión oral e escrita: Falar sobre o estado do tempo; comparación entre as estacións do ano. Cultura e sociedade: Os estados do tempo e o vestuário usado nos países da lusofonía</p> <p>Unidade 3.Vocabulario: Alimentos; comidas e bebidas; horarios das comida; <i>refeições</i>; restaurantes; <i>Ementas</i> e mercados. Gramática:adverbios de cantidade – “muito”, “pouco”, etc; nomes contábeis e non contábeis ; presente do indicativo do verbo “querer” e de outros verbos irregulares máis frecuentes ; modo imperativo afirmativo dos verbos irregulares mais frecuentes; imperativo negativo dos verbos regulares e irregulares. Produción e comprensión oral e escrita:Identificar alimentos; falar sobre a alimentación habitual; falar de hábitos alimentares/comparar; pedir comidas cando se come fóra; escoller alimentos para comprar . Cultura e sociedade: A comida portuguesa e as comidas e bebidas ; típicas dos países lusófonos; hábitos de <i>refeições</i>; maneiras á mesa</p>		
3º Trimestre	<p>Unidade 4. Vocabulario: Loxas (balcão e self-service); supermercados; mercados; feiras; tipos de pagamento (dinheiro, cheque, cartão de crédito); fórmulas de delicadeza e cortesía; formas de tratamento: diferentes graos de formalidade (o senhor diretor, a Drª Teresa, o/a senhor(a), o João, a Joaquina). Gramática:adverbios de modo; pretérito perfecto dos verbos regulares das 1.ª e 2.ª conxugacións e dos verbos irregulares “ser”, “estar”, “fazer” e “ir” ; conxuncións coordinativas, disxuntivas e conectores conclusivos. Produción e comprensión oral e escrita: Pedir e dar informacións sobre os bens a adquirir (prezos, tipos e tamaño de vestuario; alimentos; outros bens); seguir instrucións; facer pedidos con delicadeza; suxerir ; trocar bens e facer reclamacións Cultura e sociedade:Comparación entre o que se compra nos mercados e feiras portuguesas co que se compra nestes lugares na Galiza</p> <p>Unidade 5. Vocabulario: nomes de deportes e dos equipamentos deportivos; nomes das actividades de lecer; programas da TV, filmes, pezas de teatro, concertos de música do seu interese, exposicións, artes plásticas, pintura, etc; vocabulario relativo a encontros informais (“discoteca”, “festas”, “acampamentos”, etc.) ; radio ; xornais e revistas (vocabulario esencial dos artigos que le o alumnado de acordo cos seus intereses) Gramática: expresións adverbiais de lugar (“em casa”, “no treino”, “no cinema”, “na discoteca”, “no museu”...); pronomes persoais (complemento) ; pretérito perfecto dos verbos da 3.ª conxugación e dos verbos irregulares mais frecuentes ; conxuncións e conectores causais. Produción e comprensión oral e escrita: falar dos tempos libres ; interactuar con colegas sobre a programación televisiva ou redes sociais; contar o esencial dun filme; relatar feitos, actividades ou acontecementos ; realizar, aceptar e recusar convites; dar xustificacións . Cultura e sociedade: deportes máis practicados en Portugal e nos países lusófonos; actividades de lecer típicas en Portugal e nos países lusófonos; músicas; filmes e programas de televisión; banda deseñada preferidos polo alumnado; museos máis destacados de Portugal .</p>		



Obxectivo
Os marcados polo Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
Metodoloxía
Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos: os apuntamentos e as lecturas facilitadas polo profesorado en cada avaliación e/ou a plataforma de E-Dixgal e/ou Aula Virtual como canle de comunicación co alumnado e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios.
Proceso de Avaliación Ordinaria (1ª, 2ª e 3ª Avaliación) (Ferramentas, procedementos, etc.)
<p>Con un 80% da nota : A media dos resultados das probas obxectivas aplicados ás diferentes destrezas: <i>escribir, falar, ler e escoitar</i>.</p> <p>Con un 20% da nota avaliaranse os Produtos (10%) e o observado polo profesorado no día a día (10%)</p>
Proceso de Avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)
<p>O alumnado da suspenso na terceira avaliación ordinaria poderá presentarse soamente ás destrezas que teña suspensas para recuperalas cara a avaliación final e optar así a superar a materia. Conservarase as notas obtidas nas outras partes (produtos e observación do traballo diario.</p> <p>A nota da avaliación final do alumnado ESO aprobado poderá subir ata medio punto (nun rango entre 0 a 0,5) sempre e cando amose bo comportamento e demostre con claridade a mellora nalgunha destreza con algunha proba, tarefa ou proxecto que se lle indique.</p>
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación
No caso de obter en 2 probas menos do 20% do valor total de calquera das catro probas, a avaliación non poderá ser aprobada. Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.



RESUMO INFORMATIVO

Materia	Portugués 2ª Lingua Estranxeira		
Docente	Luana Ferreira		
Curso/Grupo	1º BAC	Ano académico	2021/22
Contidos			
1º Trimestre	<p>Unidade 1. Vocabulario: saúdos (“olá”, “bom día”, “boa tarde”, “boa noite”, entre outras); formas de despedida (“adeus”, “até já”, “até amanhã”, entre outras); graos de parentesco; diferentes tipos de familia; partes do día; elementos de identificación persoal (nome, idade, lugar e data de nacemento, nacionalidade, morada e xénero); numerais cardinais; meses; datas; países e nacionalidades; Gramática: alfabeto; artigo (definido e indefinido); adverbios de afirmación e de negación: “sim” e “não”; pronomes persoais (suxeito); presente do indicativo dos verbos regulares e de “ser” e “ter”; pronomes e adverbios interrogativos: “que”, “qual”, “quanto”, “quem” e “como”; oración declarativa e interrogativa. Ortografía: correspondencia fonema/grafema. Producción e Comprensión oral e escrita: soletrar uma palabra; saudar e despedirse; apresentarse e apresentar outras persoas e pedir informacións de carácter persoal ao interlocutor. Cultura e sociedade: estrutura dos nomes en Portugal: Nome propio + (segundo nome) + apelido da nai + apelido do pai ; estrutura do nome da alumna ou alumno; nomes propios comúns en Portugal e na Galiza; apelidos comuns comúns en Portugal e na Galiza e formas de saúdo e de despedida comúns en Portugal e na Galiza ; conmemoracións familiares portuguesas (aniversarios, casamentos, ceia de Natal, entre outros) e bandeira e mapa de Portugal .</p> <p>Unidade 2. Vocabulario: Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: o colexio, os obxectos da clase, as materias escolares e os días da semana e caracterización das persoas. Gramática: afirmación (sentenzas declarativas afirmativas); Exclamación (formas elípticas: Que (+ Subst.) +Adj., p. ex. Que dia lindo!; Que gentil!). Negación (sentenzas declarativas negativas con não, nunca). Expresión da cantidade: números cardinais até 50. A cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares) e adxectivos para a descrición e caracterización. Ortografía e fonética: as graffas ch e r. Producción e comprensión oral e escrita: A educación en Portugal (os niveis educativos e a distribución das vacacións). Cultura e sociedade: similitudes e diferenzas entre os períodos de vacacións.</p>		
2º Trimestre	<p>Unidade 3. Vocabulario: Estilos , características do vestuario; estacións do ano e tempo meteorolóxico; vocabulario para expresar opinión; expresar gustos e desexos; dar opinión; concordancias e discordancias e dar consellos. Gramática: Presente Indicativo de “despir” e “vestir”; presente dos verbos con alternancia vocálica; proceso de formación de palabras; prefixos e sufixos, composición e conxuncións adversativas. Producción e comprensión oral e escrita: falar sobre o estado do tempo; comparación entre as estacións do ano; os estados do tempo e o vestuário usado nos países da lusofonía.</p> <p>Unidade 4. Vocabulario: Alimentos; comidas e bebidas; horarios das comidas; refeições; restaurantes; ementas; mercados. Gramática: Adverbios de cantidade – “muito”, “pouco”, etc.; nomes contábeis e non contábeis; presente do indicativo do verbo “querer” e de outros verbos irregulares máis frecuentes ; modo imperativo afirmativo dos verbos irregulares mais frecuentes; imperativo negativo dos verbos regulares e irregulares. Producción e comprensión oral e escrita: Identificar alimentos ; falar sobre a alimentación habitual; falar de hábitos alimentares/comparar; pedir comidas cando se come fóra; escoller alimentos para comprar; preguntar prezos; indicar cantidades; expresar gustos; escribir receitas Cultura e sociedade: a comida portuguesa e as comidas e bebidas típicas dos países</p>		



	<p>lusófonos ; hábitos de <i>refeições</i> , maneiras á mesa.</p>
3º Trimestre	<p>Unidade5. <u>Vocabulario:</u> Tipos de casa (“apartamento”, “vivenda”, “quinta”); partes da casa ; mobiliario; cores ; dimensións; características da casa ; tarefas domésticas ; dias da semana; horas; hábitos de hixiene e actividades diarias.. <u>Gramática:</u> adverbio interrogativo “onde” e “quando”; preposicións e locucións prepositivas de lugar; cuantificadores ; pronomes relativos; referencias temporais: “antes”, “depois”, “em seguida”, “cedo”, “tarde”, “hoje”, “ontem”, “amanhã”, entre outros ; presente do indicativo dos verbos em <i>-ear</i> (e.g. “passear”) e dos verbos irregulares “ler”, “ver”, “ir”, “vir” e “ouvir” e pronomes reflexivos . <u>Ortografía:</u> Tipos de acentos e Regras elementares de acentuación (“há” vs. “à” vs. “á”). <u>Cultura e sociedade:</u> Diferenzas e semelhanzas entre a rutina diaria de Portugal e da Galiza. Unidade6.<u>Vocabulario:</u> Loxas (<i>balcão</i> e <i>self-service</i>) ; supermercados ; mercados ; feiras; tipos de pagamento (<i>dinheiro</i>, <i>cheque</i>, <i>cartão de crédito</i>); fórmulas de delicadeza e cortesía; formas de tratamento: (<i>o senhor diretor</i>, <i>a Drª Teresa</i>, <i>o/a senhor(a)</i>, <i>o João</i>, <i>a Joaquina</i>). <u>Ortografía:</u>Acentuación regras xerais. <u>Produción e comprensión oral e escrita:</u> pedir e dar informacións sobre os bens a adquirir; seguir instrucións ; facer pedidos con delicadeza;suxerir ; trocar bens e facer reclamacións . <u>Gramática:</u> Adverbios de modo; pretérito perfecto dos verbos regulares das 1.ª e 2.ª conxugacións e dos verbos irregulares “ser”, “estar”, “fazer” e “ir” ; conxuncións coordinativas, disxuntivas e principais conectores discursivos. <u>Cultura e sociedade:</u>comparación entre o que se compra nos mercados e feiras portuguesas co que se compra nestes lugares na Galiza.</p>
Obxectivo	
	Os marcados polo Decreto86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
Metodoloxía	
	Establécese na Programación como flexible, integradora, participativa, permanente e competencial. Como recursos: os apuntamentos e as lecturas facilitadas polo profesorado en cada avaliación e/ou Aula Virtual como canle de comunicación co alumnado e todos aqueles recursos en papel e dixitais que consideremos necesarios.
Proceso de Avaliación Ordinaria (1ª, 2ª e 3ª AV.)(Ferramentas, procedementos, etc.)	
	<p>Con un 80% da nota : A media dos resultados das probas obxectivas aplicados ás diferentes destrezas: <i>escribir, falar, ler e escoitar</i>.</p> <p>Con un 20% da nota avaliaranse os Produtos (10%) e o observado polo profesorado no día a día (10%)</p>
Proceso de Avaliación Final (Ferramentas, procedementos, etc.)	
	<p>O alumnado da suspenso na terceira avaliación ordinaria poderá presentarse soamente ás destrezas que teña suspensas para recuperalas cara a avaliación final e optar así a superar a materia. Conservarase as notas obtidas nas outras partes (produtos e observación do traballo diario).</p> <p>A nota da avaliación final do alumnado ESO aprobado poderá subir ata medio punto (nun rango entre 0 a 0,5) sempre e cando amose bo comportamento e demostre con claridade a mellora nalgunha destreza con algunha proba, tarefa ou proxecto que se lle indique.</p>
Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación	
	No caso de obter en 2 probas menos do 20% do valor total de calquera das catro probas, a avaliación non poderá ser aprobada. Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.